

## Libros

*Miguel Ángel Aguilar e José María Ridaio (editores): “Las Intervenciones Internacionales y la Nueva Proliferación Nuclear”, XIX Seminario Internacional de Defensa, Asociación de Periodistas Europeos, Madrid, 2008, 246 páxinas.*

**L**as *Intervenciones Internacionales y la Nueva Proliferación Nuclear* é a memoria escrita do último Seminario Internacional de Defensa convocado pola Asociación de Xornalistas Europeos en Toledo os días 14 e 15 de xuño do 2007. Este seminario contou coa participación de relatores de grande prestixio en torno ao campo das relacións internacionais, tales como Shlomo Ben Ami, Javier Dezcallar, Xavier Batalla, Felipe Sahagún, Robert Matthews ou Michael Portillo, que definindo unha temática axústanse á actualidade da seguridade global, con especial énfase en analizar as intervencións militares en Cosova, Afganistán e Iraq por unha banda, e polémico caso do programa nuclear iraniano e o seu presunto enriquecemento de uranio con fins militares por outro.

Precisamente, o tratamento do caso do bombardeo por parte da OTAN en 1999 en Cosova e a posterior entrada das forzas internacionais enroladas na Kosovo Force (KFOR) dentro do territorio cosovar, foi definido como “o principio da idade da intervención tal como a coñecemos hoxe”, un evento que marcou un decisivo cambio operativo dentro das institucións internacionais, ao mesmo tempo que supón o principio da ruptura do Dereito Internacional a prol dunha “causa xusta”, exercendo de influencia en posteriores conflitos con intervención internacional, tales como Afganistán e Iraq.

Unha das características primordiais que marca tal diferenza é a achegada polo ex ministro de Asuntos Exteriores e actual presidente do Partido Popular en Cataluña, Josep Piqué, segundo a cal dita intervención levouse a cabo sen unha resolución do Consello de Seguridade da ONU en ningún momento. Neste sentido é tamén interesante o punto de vista de Jiri Dienstbier, ex chanceler da República Checa e relator da ONU, sobre a situación dos Dereitos Humanos na antiga Iugoslavia, argumentando que os motivos para bombardear Iugoslavia foron falsos, tales como os que posteriormente foron esgrimidos no comezo da guerra de Iraq en 2003.

No caso de Afganistán, é curioso que, en opinión do correspondente diplomático do diario *La Vanguardia*, Xabier Batalla, aínda que en xeral a operación da OTAN en Cosova sexa considerada un éxito, a represalia que deseñou a Administración Bush para Afganistán converteuse nun desafío para a credibilidade desta. O ano 2006 foi o peor en materia de seguridade para este país centroasiático, xa que o número de mortos elevouse a máis de 3.700 afgáns, entre eles un millar de civís, o que ocasionou que a insurxencia talibá se cuaduplicase, cuns 600 ataques mensuais

nos que morreron 191 soldados das forzas internacionais. É dicir, Afganistán, un protectorado da OTAN, aparece contraditoriamente desprotexido, e a intervención estadounidense, bautizada "Cooperación Paz Duradeira", rematou por transformarse nunha guerra duradeira.

No referente á proliferación nuclear, o caso máis analizado neste seminario foi o do programa nuclear iraniano. Neste punto son reveladoras as palabras do ex embaixador de España en Irán, Leopoldo Stampa, que puido aportar unha perspectiva máis completa da visión da sociedade iraniana de cara ás actuacións do seu goberno no plano internacional e, principalmente, de cara ao presunto enriquecemento de uranio.

Neste apartado, é interesante o repaso histórico realizado polo ex embaixador en relación ao Tratado de Non Proliferación Nuclear (TNP) que, segundo Stampa, crea uns privilexios para cinco países que, curiosamente, son os cinco membros do Consello Permanente de Seguridade de Nacións Unidas, subsistindo así os vellos privilexios propios da época da "Guerra Fría".

Stampa persiste na súa crítica considerando que o TNP se ten denunciado como un tratado discriminatorio, xa que é un sistema legal onde as normas se interpretan segundo quen inspire confianza nos depositarios do privilexio nuclear. Por exemplo, o TNP prohibe que os países nucleares transfiran tecnoloxía nuclear a aqueles que non asinaron este tratado. No entanto, hoxe en día asistimos á transferencia considerábel, en cantidade e calidade, dos Estados Unidos a un país como a India, que non asinou o TNP. Pero acéptase esta transferencia polo mero feito de que India é un país democrático e, por tanto, aliado occidental. Mentres que, no caso doutros países que non son democráticos, a posesión da bomba é inaceptábel. Polo tanto, existe unha diferenciación política que está por riba dos dereitos xurídicos. Ademais, Stampa sinala que aínda agora non hai probas concluíntes sobre o feito de que Irán estea embarcado na construción de armas nucleares.

Cunha posición máis ou menos contraria sitúase a intervención neste asunto do ex ministro de Defensa do Reino Unido, Michael Portillo, quen defende que o derrocamento de Saddam Hussein potenciou o status de Irán como perigo rexional, por brindarlle unha marxe de acción na rexión que non tiña ata agora, debido a que dita intervención posibilitou que Irán amplie a súa esfera de influencia ao sur de Iraq. Este feito sería, segundo Portillo, o que está detrás do proceso de enriquecemento de uranio en Irán.

Seguindo co caso iraniano, a análise máis polémica foi a esclarecedora visión do membro do consello editorial do diario *El Mundo*, Felipe Sahagún, segundo o cal, malia que existe unanimidade en Irán en favor do programa nuclear por cuestións de orgullo nacional, este programa non supón un perigo para a seguridade rexional e global, a pesar de que o propio Sahagún considerou que a Axencia Internacional da Enerxía Atómica (AIEA) ten recoñecido oficialmente que, en maio de 2007, Irán tiña 1.300 centrifugadores, o que sería suficiente para fabricar unha única bomba atómica por ano, e iso a partir de catro ou oito anos.

Neste sentido, resulta importante ter en mente que, por exemplo, Israel, o país máis preocupado polo presunto programa nuclear iraniano debido á súa acostumada visión apocalíptica en relación aos perigos da zona, conta segundo fontes fidedignas cun arsenal de entre 100 e 300 bombas estando, á vez, a dotárense de submarinos con mísiles nucleares móbiles.

Como visión concluínte deste seminario, afóndase na idea crítica xeral por parte dos seus máis críticos relatores en relación ao presunto perigo do enriquecemento de uranio por parte de Irán. Resalta que o tratamento político do caso iraniano non posúe o mesmo tratamento que a ameaza emanada doutros países como Paquistán, posuidores de cabezas nucleares e que conta co *visto e prace* de países como EEUU e Gran Bretaña. Ademais, outra perspectiva que contradí a opinión xeral neste asunto podería ser que, como algún dos relatores deixou entrever, o programa nuclear iraniano quizais sexa máis unha resposta ao cambio xeopolítico experimentado dende Asia Central ata Oriente Próximo, en vista das dificultades post-bélicas tralas intervencións internacionais en Afganistán e Iraq e o conseguinte equilibrio do poder rexional.

*Adrián Moreno Cidrás.*

***Felipe Gómez Isa: "Colombia en su laberinto, una mirada al conflicto", Edición Catarata, 2008, 298 páxinas, ISBN 978-84-8319-369-3.***

**T**rala morte de Raúl Reyes, considerado o nº 2 da guerrilla das Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia (FARC), ocorrida en marzo de 2008, e a liberación en xuño pasado de reféns en poder desta guerrilla, sendo o caso máis significativo o da ex candidata presidencial Ingrid Betancourt, Colombia volve a estar no centro da atención da actualidade internacional. Velaí a crecente importancia á hora de comprender o contexto do conflito armado colombiano, as súas variables, os seus actores, as súas repercusións, perfectamente perfiladas na súa enredada realidade sociopolítica.

Guerrilla, paramilitares e desprazados son só algúns dos actores e conceptos que adquiren importancia nesta obra académica, dirixida por Felipe Gómez Isa, guiándonos nesta viaxe pola amarga escena colombiana. Participan tamén autores da estima de Mónica Goded, doutora de Economía na Universidade Complutense de Madrid; Manuel E. Salamanca, experto en Colombia e profesor de Teoría e Análise de Conflitos na Universidade Javeriana de Bogotá; Gorka Urrutia Asua, investigador do Instituto de Dereitos Humanos Pedro Arrupe; e o médico especializado en Dereitos Humanos, Víctor de Cúrrua Lugo.

A diversidade pedagóxica dos seus autores implica unha aproximación interdisciplinar da obra, que non se limita a dar conta da evolución e as consecuencias do

conflicto. Partindo da grande complexidade da materia, os seus autores investigaron o conflito armado interno en Colombia, cada quen dende a súa especialidade, sendo o seu principal eixo vertebrador a teoría da investigación para a paz e a análise dos conflitos. O resultado ten unha dobre vertente; dunha parte, unha análise completa do *xadrez* da realidade colombiana, que abrangue temáticas relacionadas co político, coas claves históricas do conflito, as súas repercusións económicas e sociais e os obstáculos existentes ao nivel normativo, facendo especial fincapé na situación das principais vítimas: os desprazados. Doutra parte, non son en absoluto desprezables as propostas de resolución do conflito que veremos máis adiante.

Así, a novidade máis importante de *Colombia en su laberinto* será a inclusión de pautas de actuación para os diferentes actores no escenario nacional e internacional, facendo en concreto e en primeiro lugar, unha denuncia do pouco espacio deixado ás vítimas para a súa participación no proceso de reparación e aplicación de políticas públicas de corte social, que non teñen maior duración ca dun mandato presidencial, impedindo un verdadeiro avance; en segundo lugar, as incoherencias normativas existentes; e, por último a laxitude da terminoloxía politolóxica, que precisa seren renovada.

A través do esclarecemento das claves, dos actores principais do conflito e das súas orixes, as súas capacidades e as sucesivas negociacións fracasadas dende 1982, realizadas nun primeiro momento por Manuel E. Salamanca, iniciárase da man de Mónica Goded unha análise detallada das consecuencias no eido social e económico dunha violencia que, cada vez máis, será un elemento indisoluble do cotián colombiano. Mediante o estudo dos procesos normativos, realizado por Felipe Gómez Isa, que tentarán dar morte a unha situación que afecta moi forte a Colombia dende hai máis de medio século, examínanse tres elementos filosóficos clave: a xustiza, a reparación e a verdade. Tres vértices dun mesmo triángulo de moi débil equilibrio.

O Instituto de Dereitos Humanos Pedro Arrupe, da Universidade de Deusto, é a entidade, dirixida tamén por Felipe Gómez Isa, na que se inscribe o nacemento desta obra. Será este o motivo polo que o capítulo central será aquel destinado aos Dereitos Humanos "en crise". Neste sentido, Víctor de Cúrrera Lugo fará unha moi interesante apreciación: a politización e distorsión do Dereito en Colombia e, máis concretamente, do Dereito Internacional Humanitario (DIH). Resulta tamén reveladora a importancia dada á necesaria renovación da linguaxe no eido da política, onde se fala de "civís inocentes", no canto da "poboación civil", dando implicitamente por sentada a existencia de "civís culpables", facendo inexistente un posicionamento político do individuo alleo á dicotomía guerrilla-paramilitares. Serán propostas tamén solucións para atallar as diferencias abismais entre ricos e pobres, e analizarase a actuación deste "Estado fráxil" colombiano, que se autoidentifica como "víctima do narco-terrorismo" e non coma responsable da situación interna.

Abórdase por último a temática dos desprazados internos, dende unha óptica verdadeiramente humana, dando conta das diferentes entrevistas levadas a cabo en cidades como Medellín, Quibdó e Soacha, entre outras. Será deste xeito como, des-

pois de comprendidos os aspectos máis técnicos dos conflito armado interno, sere-mos partícipes dun acercamento á problemática ata o punto de sentir o medo e a desesperación dos desprazados que, paulatinamente, vanse afogando dentro do tri-plo muro que Estado, Guerrilla e Paramilitares edifican cada vez máis alto, máis groso e máis infranqueable.

A modo de conclusión, a activa participación das vítimas do conflito armado, xunto coa aplicación de políticas públicas de corte social de longa duración e, polo tanto, desvinculadas do poder por parte dos diversos presidentes colombianos, conforman os elementos básicos da proposta do Instituto Pedro Arrupe para albiscar a saída deste tortuoso labirinto, complicado polas continuas violacións de dereitos humanos, os asasinatos e as secuelas deste longo conflito armado.

*Carmen Antolín Pichel.*

***Manuel Montobbio: "Salir del callejón del gato. La deconstrucción de Oriente y Occidente y la gobernanza global", Icaria Editorial, Barcelona, 2008, 232 páxinas, ISBN: 978-84-7426-990-1.***

**O** presente libro é unha viaxe a través da cal o lector poderá adquirir novas e diferentes perspectivas ao longo das súas páxinas. É unha invitación a cuestionarse as imaxes que conforman a nosa cosmovisión do mundo, da humanidade, de nós mesmos.

Dende estes enfoques e puntos de vista, o libro "*Salir del callejón del gato*" supón un reto, que consiste en reformular aquelas percepcións que configuran o noso imaxinario político, social e cultural. Nesta ruela estamos todos, observando as múltiples realidades que se proxectan e se asumen coma verdadeiras e absolutas. O autor propón cuestionarse estas imaxes, estes reflexos, as luces e as sombras que se proxectan na ruela para poder atopar unha saída.

O autor insta a mudar as percepcións. A de Occidente como a consecución de todos os logros humanos, eixo aglutinador de todas as aspiracións, fin último do progreso, modelo de desenvolvemento político e económico, así como as imaxes de Oriente, presentado como un todo similar e homoxéneo, exterior e hostil de constante ameaza, mosaico de incomprensibles actitudes, crenzas e culturas.

Nun mundo en constante proceso de globalización coma o actual, é absolutamente imprescindible adoptar posturas abertas ao coñecemento e evitar a simplifi-cación das realidades ou dos modelos perceptivos que, en lugar de axudarnos a dilucidar unha visión representativa, aberta e plural de Nós, ocúltannos a realidade mediante a súa simplificación, categorización xeral e a súa deformación. Así, o autor convidanos a cruzar a ruela. A mesma ruela pola que Valle-Inclán recoñeceu

os espellos cóncavos e convexos que deforman a realidade e a converten nun esperpento de si mesma, de nós mesmos.

Montobbio fala da necesidade de incidir no recoñecemento de tódalas culturas como un mosaico enriquecedor que nos conforma. Evitar os prexuízos, as etiquetas, os estereotipos reproducidos polo sistema social, político e cultural que en lugar de acercarnos no entendemento e no recoñecemento, nos aloxan cara illas conformadas por muros de separación. Na súa lectura atópanse posibles cimentos que conforman unha nova "civilización de civilizacións", posibles lanternas que nos axudan a saír desta ruela onde nos atopamos. A Democracia, o Desenvolvemento, a Paz, a Cultura, poden ser eses piares nos que se asente a necesaria e urxente concepción de Nós, como integrantes dun todo global.

O autor interpreta as ideas de maneira activa, dinámica e participativa, construíndo pontes e cuestionando os modelos vixentes, sabendo que a importancia da viaxe cara esa Ítaca global reside precisamente no camiño que nos leva chegar a ela.

*Daniel Vigo Blanco.*

***Hugo Torres: "Rumbo norte, historia de un sobreviviente",***  
*Hispamer, Managua, 2005, 512 páxinas, ISBN: 99924-57-62-7.*

**I**mportante testemuña do proceso evolutivo da Revolución Sandinista, o libro "*Rumbo norte, historia de un sobreviviente*", escrito polo ex xeneral Hugo Torres, achega unha visión crítica que cumpre observar con atención ante a conxuntura política actual en Nicaragua, tomando en conta o retorno presidencial de Daniel Ortega.

O autor deste libro, actualmente moi crítico co goberno de Ortega, foi o seu compañeiro nas loitas pola liberación do pobo nicaraguano subxugado durante décadas pola dinastía Somoza. Unha figura clave para entender aquel movemento, aquel compromiso cos ideais do heroe nacional Augusto César Sandino. Así, Torres constitúe un personaxe esencial deste proceso revolucionario, debido a que formou parte dos dous grandes asaltos que fixeron tremer os cimentos até facer caer o réxime de Somoza, tales como a toma da casa de José María Castillo en 1974 e o asalto ao Palacio Nacional, xunto aos denominados "Comandante Cero" Edén Pastora e a "Comandante Dous" Dora María Telléz, en agosto de 1978.

A visión de Torres obriga a realizar unha aguda e crítica ollada do momento político actual en Nicaragua. O goberno de Daniel Ortega, no poder dende xaneiro do 2007 despois de 16 anos na oposición, está sendo sometido a fortes presións políticas, internas e externas, provocadas polo xiro autoritario que o seu goberno está a amosar.

Dende mediados de 2008 estamos asistindo ao levantamento da sociedade nicaraguana que, xa en dúas ocasións, saíu a rúa de forma masiva para solicitar a dimisión do seu presidente. Estas protestas organizadas pola Coordinadora Civil e apoiadas por partidos opositores a Ortega, así como intelectuais e os principais movementos da sociedade civil, foron a resposta á polarización política imposta nas eleccións municipais celebradas o pasado 9 de novembro de 2008. Neste apartado, o Consello Supremo Electoral aprobou a inhabilitación dos principais partidos da oposición, o Movemento de Renovación Sandinista (MRS) liderado por Edmundo Jarquim e antigos compañeiros e compañeiras de Ortega durante a revolución sandinista, así como ao Partido Conservador.

A Frente Sandinista de Liberación Nacional (FSLN) controla o 40% dos escaños no Congreso, goberna en gran parte grazas a unha alianza con políticos liberais afíns ao ex presidente Arnoldo Alemán, condenado a 20 anos de cárcere por corrupción. Así, a FSLN controla tamén a Corte Suprema de Xustiza, a Asemblea Nacional, a Contraloría, o Ministerio Público, a Procuradoría dos Dereitos Humanos e o Consello Supremo Electoral. Paralelamente, o matrimonio presidencial conformado por Ortega e Rosario Murillo está a realizar unha cruzada político-penal contra toda aquela persoa, ONG ou movemento da sociedade civil, intelectuais, periodistas independentes que son críticos co seu goberno e co cariz autoritario e de concentración de poder amosado pola parella presidencial.

Ernesto Cardenal, poeta, monxe e ex ministro de Cultura no primeiro goberno da FSLN, sentenciou recentemente que "*Ortega non é o Sandinismo senón a súa traizón*", considerando que os principios que abandeira Daniel Ortega na FSLN nada teñen que ver con aquel movemento revolucionario, nin cos seus principios nin cos seus ideais, semella que se está a transformar en aquilo polo que moitos mozos e mozas nicaraguanos na década de 1970 colleron as armas e se alzaron contra a ditadura de Anastasio Somoza, semella un xiro a aquelas décadas de represión, corrupción, autoritarismo o que como moitos autores e autoras xa nomean como "danielismo".

Unha revolución como a nicaraguana foi xestada por múltiples dimensións e diferentes épicas persoais, reflectidas neste libro de memorias que relata acontecementos históricos polo seu propio protagonista, non por un mero espectador. Hugo Torres narra o percorrido completo do que foi a revolución sandinista, dende os primeiros anos de axitación estudiantil, o activismo nos barrios marxinais, o paso a clandestinidade, o exilio en destinos como Cuba, Panamá e a ex URSS, os traballos nas fronteas urbanas, e por fin o "*ascenso cara a purificación no sacrificio da montaña*" onde asinará ese compromiso coa morte baixo estrito xuramento que lle supuxo saír da militancia para integrar as filas guerrilleiras da Frente Sandinista. Un libro que nos permite novamente lembrar as vellas consignas da revolución sandinista, aínda en vigor case que 30 anos despois da súa vitoria.

*Rosa Villaronga.*

**Julio A. Díaz Vázquez e Eduardo Regalado Florido: "China: el despertar del dragón", Editorial de Ciencias Sociales, La Habana, 2007, 466 páxinas, ISBN: 978-959-06-09497.**

**M**oitos son os que agora, con Fidel convalacente e Raúl Castro en primeira liña, se preguntan se Cuba, con boa parte das súas enerxías centradas na restauración económica, seguirá o rumbo de China, o segundo socio comercial da illa e con quen intensifica as relacións a todos os niveis. Por esa e moitas outras razóns, este traballo de Julio Díaz e Eduardo Regalado presenta un gran interese adicional. Nel, os autores abordan unha análise especialmente detallada das reformas económicas introducidas no xigante oriental e os seus impactos, reivindicando tanto o seu carácter inevitable en virtude das inercias do maoísmo (en 1957 o salario medio anual na industria estatal ascendía a 522 iuáns e vinte anos despois, en 1978, era de 529), coma do dereito á "herexía", pero tamén sinalando os puntos fracos do proceso de reforma e as súas principais apostas. O alto nivel de descrición revela un coñecemento preciso dos temas obxecto de análise, xa falemos tanto dos grandes trazos, etapas e a evolución do proceso de reforma como dos problemas de orde financeira, fiscal ou calquera outro, abordados cunha minuciosidade que resalta as claves principais.

A enorme radiografía que se nos presenta no volume permite apreciar a inmensidade do cambio chinés e o seu carácter inacabado, amosando unha significativa vontade de comprensión que, gardando distancias, ben puidera ser de valor como guía, no que ten de aceptable e de inaceptable, para unha hipotética reforma cubana que pretendese tomar en conta a experiencia chinesa. Como atractivo engadido, cómpre destacar o recorrido polos principais debates a propósito da interpretación ideolóxico-política do proceso de reforma, a súa política exterior, as variables xeopolíticas, Taiwán e os principais desafíos deste gran experimento.

Trátase, pois, dun excelente resumo do atrevemento chinés en tantos dominios, significando a progresiva dotación dun marco institucional e legal que presentaba, no inicio, enormes deficiencias, suplidas, en moitos casos, con solucións creativas e innovadoras, tendo en conta as experiencias alleas, pero igualmente partindo do propio. Ese proceso desenvolveuse sempre co propósito de acadar unha harmonización que facilitara a intensificación das relacións económicas, dentro e fóra, pero contemplando sempre a importancia de dotarse de mecanismos de protección do sistema propio, acoutando eidos nos que puidera verse afectado negativamente. O control da apertura, sexa cal sexa o seu campo de experimentación, foi e segue sendo un principio básico para garantir a estabilidade.

Á profusión de datos, cómpre sumar tanto o repaso histórico, indispensable para apreciar o valor e transcendencia do cambio chinés, como tamén o destaque da confianza pública no sistema, a pesar das súas limitacións e incoherencias. Por outra banda, os autores sintetizan os esforzos de teorización do socialismo con peculiari-

dades chinesas, o rexurdir da teoría económica do socialismo e os debates xerados como consecuencia da aceptación de elementos do capitalismo na "etapa primaria do socialismo", destacando como o experimento chinés está lonxe das construcións académicas usuais. Volta ao capitalismo da man de poderosos grupos incrustados no Partido-Estado, rexurdir do nacionalismo, asunción dos valores occidentais, etc, son temas obxecto de reflexión.

Os autores conclúen que a pesar de que moitas estruturas experimentaron un proceso de alteracións monumentais, estamos ante un proceso en fase de maduración, que vai gañando en cualificación e valor engadido. O ton descritivo, salpicado de lecturas políticas, deixa entrever mensaxes de gran calado para os lectores cubanos interesados na dinamización das estruturas económicas e sociais do seu propio país, perdendo o medo a herexías, pero coidando de salvagardar mellor conquistas que de seren desbotadas suporían novos retrocesos históricos en aras dun cambio que hipotecaría os anhelos de xustiza das grandes maiorías.

*Xulio Ríos.*

***Jon Abbink, Mirjam de Brujn e Klass van Walraven: "A propósito de resistir. Repensar la insurgencia en África", Oozebap, Colección Pescando Husmeos, Madrid, verán 2008, 510 páxinas, ISBN: 978-84-612-3357-1.***

**A** realidade africana actual responde, en grande medida, aos movementos de resistencia da poboación vertebrados ao longo de toda a súa historia. Unha historia, por certo, onde nunca está de máis recordar que a comunidade internacional, en xeral, e os países occidentais, en particular, teñen moito que dicir.

O escenario político e social que nos atopamos en tódalas rexións do continente africano resulta desolador. A loita de grupos militares por ocupar posicións de poder "lexítimos" ou "ilexítimos" foron e seguen sendo, tal como sinala o libro *A propósito de resistir*, a forza motriz da historia de África. A poboación civil, coma en tódolos conflitos armados, é a vítima sobre a que recaen as terribles consecuencias dos actos violentos aínda que, é nela onde, ao mesmo tempo, se albergan as esperanzas do cambio.

Os autores da obra, vinculados ao Centro de Estudos Africanos de Leiden (Holanda) fan un repaso aos movementos de resistencia da poboación africana que serviron como actores de cambio político e social, dentro dun percorrido por diferentes puntos xeográficos do continente, así como nunha perspectiva histórica, dende as sociedades pre-coloniais, a etapa colonial, as rebelións independentistas, ata chegar aos conflitos máis recentes.

En primeiro lugar, cabe destacar que o concepto de resistencia é utilizado polos autores nun sentido amplo referíndose, sobre todo, a intencións e accións concretas levadas a cabo contra unha situación percibida como inxusta e intolerable. A resistencia das comunidades en África non se limitou ao poder colonial das potencias europeas, senón que foi un fenómeno onde existiron diferentes graos de violencia que confrontaron a poboación autóctona coas elites dominantes na loita por espazos de poder nun escenario de inestabilidade política. Os movementos de resistencia posúen unha motivación que leva os seus protagonistas a desenvolver accións que se fundamentan nunha base ideolóxica. A imaxinación e a ideoloxía, teñen, por esta razón, un lugar destacado no estudo das rebelións.

Os autores expoñen que a conciencia popular se forma a través das diferentes experiencias adquiridas e a influencia das ideas hexemónicas. Para exemplificar este argumento, o libro trata no seu capítulo seis dos motíns liderados polos africanos que serviron no exército colonial das Indias Orientais holandesas. Nos séculos XIX e XX, o recrutamento de soldados procedentes das colonias africanas foi unha práctica habitual das potencias europeas para expandir os seus imperios coloniais. Neste sentido, os holandeses fixeron o propio para manter a súa posición hexemónica no arquipélago indonesio. Coa promesa de obter unha mellor posición social e seren tratados como europeos, miles de africanos da Costa Oeste alistáronse no exército holandés. A sociedade colonial, cunha división racial e social moi estrita, foi o escenario dun paradoxo onde os propios soldados africanos trataron con inferioridade a poboación nativa das Indias, co que se levaron a cabo varios motíns para reivindicar un trato igualitario ao dos soldados europeos.

A memoria é outro concepto fundamental que axuda a entender os impactos da resistencia na poboación implicada e que explican, en moitas ocasións, as situacións políticas actuais en África e en tódolos países. Cando os efectos da resistencia foron violentos ou dramáticos, en ocasións foron utilizados para lexitimar réximes que xurdiron desta, tal e como é o caso de Somalia, onde a violencia do movemento Derviche iniciou un levantamento masivo contra os estranxeiros, ao tempo que prexudicou moitos somalís que non se adheriron á mensaxe violenta, creando novos antagonismos entre as clases que se arrastraron ata a etapa independente.

Nas loitas independentistas, como é o caso de Cimbabue ou Namibia, os horrores da etapa colonial, o xenocidio e, en definitiva, o abuso de poder por parte dos europeos, foi utilizado polos movementos de resistencia para defenderen as súas propias reivindicacións. Os nacionalismos africanos que xurdiron despois da independencia modificaron as relacións de poder, pero os patróns do poder colonial continuaron viventes.

Para rematar, e mirando cara o futuro, pódese extraer, como conclusión, que as resistencias, as crises e as rebelións da poboación en África están lonxe de esgotárense. Os acontecementos do pasado rexorden con novas modalidades de desigualdade política, novas dinámicas sociais e conflitos interxeracionais. Proba disto é o recomezo do conflito armado na rexión de Kivu, na República Democrática do Con-

go, un dos vellos conflitos de que se fan eco estes días os medios de comunicación internacionais. Os protagonistas da crise son herdeiros do xenocidio ruandés dos anos 1990. A historia repítese neste conflito, onde o xerme do mesmo é o control da rica rexión de Kivu que mantén enfrontados ao Exército nacional congolés e os rebeldes apoiados por Ruanda, xerando unha nova crise humanitaria na zona.

*Natalia Rodríguez Granado.*

**Daniel Chávez, César Rodríguez Garavito e Patrick Barrett**  
(editores): *"La nueva izquierda en América Latina"*, Los Libros de La Catarata, Madrid, 2008, 376 páxinas, ISBN: 978-84-8319-368-6.

Unha visión analítica da viraxe política á esquerda realizada nos últimos anos en América Latina ofrece dúas perspectivas: unha, vinculada ao carácter eminentemente horizontal, multiforme e de amplo espectro participativo dos novos partidos e movementos de esquerda latinoamericanos, afastados dos tradicionais imperativos dogmáticos e ideolóxicos; e, paralelamente, a confirmación de que esta viraxe política e electoral ocorrida nos últimos anos confirma unha tentativa por atopar mecanismos autóctonos de acción política e de integración rexional.

Ambas perspectivas están enfocadas no libro *"La nueva izquierda en América Latina"*, que supón un inédito esforzo editorial por aglutinar unha serie de análises dos procesos de cambio político e do papel da esquerda en países como Brasil, Venezuela, Colombia, México, Bolivia e Arxentina e, dun xeito global, na necesidade de ofrecer unha visión conxunta destes procesos. Non obstante, se ben explicado por razóns editoriais, o libro adoce da ausencia dun tratamento máis pormenorizado doutras experiencias particulares de triunfo da esquerda, como son os casos de Ecuador e América Central.

Máis que dividir en modelos da esquerda, o libro esfórzase por ofrecer unha visión conxunta sobre o xurdimento dunha "nova esquerda" en América Latina, máis ben explicada como unha reacción cara o Consenso de Washington e as políticas neoliberais iniciadas na década de 1990, así como ante a necesidade de reformular os respectivos sistemas políticos latinoamericanos, coa necesidade de ampliar a base de participación popular.

Deste modo, non estamos asistindo a unha esquerda caracterizada pola verticalización política e ideolóxica senón ante a asunción de movementos sociais paulatinamente conformados en partidos e plataformas políticas horizontais, con clara vocación plural e democrática. Así, asúmense variables políticas como a etnicidade, o indixenismo, o xénero e outras desigualdades como novos puntos de concreción de programas políticos progresistas, correspondendo con determinadas realidades nacionais.

Tanto como explicar esta tendencia, cumpre observar o esforzo editorial por amosar as diferencias, fortalezas, debilidades e dilemas desta nova esquerda latinoamericana, realizadas por diversos autores que escriben dende as realidades dos seus respectivos países, nos que destacan os brasileiros João Machado Borges, Boaventura de Sousa Santos e Rosa María Marques, o venezolano Edgardo Lander ou os arxentinos Federico Schuster e Atilio Borón, entre outros.

Dentro destas visións dos respectivos procesos nacionais atópanse análises críticas con diversos casos nacionais, tales como o realizado contra a deriva "economicista" dentro do goberno de Lula da Silva, que contrasta coa afirmación máis revolucionaria e antisistémica atribuída ao proceso iniciado por Hugo Chávez en Venezuela; do éxito da Frente Ampla de Tabaré Vázquez en Uruguai en comparación coa dividida e multiforme esquerda arxentina ante a presumible hexemonización do "kirchnerismo". Noutros contextos, está por verse ata que punto o imprevisto avance electoral da esquerda colombiana terá éxito en restar espacio público ao "uribismo", realidade que contrasta coas contradicións políticas actualmente existentes dentro da esquerda mexicana.

Como inédito esforzo editorial por explicar os cambios políticos progresistas cara a esquerda en América Latina, este libro supón unha referencia de primeira man. Non obstante, a constante dinámica de cambios nunha América Latina que esperta a novas alternativas de poder obriga a considerar unha maior atención sobre a real magnitude destes procesos, así como afondar nunha constante e actualizada perspectiva académica e editorial.

*Roberto Mansilla Blanco.*

***I. Rodríguez Manzano: "Mujeres y Naciones Unidas. Igualdad, desarrollo y paz", Los Libros de La Catarata, Madrid, 2008, 266 páxinas, ISBN: 978-84-8319-349-5.***

**N**este libro, a autora ofrécenos unha visión a través do tempo do labor que leva realizado as Nacións Unidas a prol da igualdade entre homes e mulleres e da situación actual na que se atopa o papel da muller na sociedade internacional.

Este labor remóntase á formación da Sociedade de Nacións, experiencia que serviu como referencia para que, posteriormente e xa no marco das Nacións Unidas, se constituíse a Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller, que xunto con outros organismos levará a cabo unha función de análise da cuestión que dará como froito numerosos documentos que axudarán a adoptar medidas xurídicas para conseguir a igualdade en varios ámbitos. A reaparición da "muller" na esfera internacional, que trae como consecuencia a inclusión deste

asunto na axenda global, estimulará a súa regulación por parte de organismos internacionais, tanto de Nacións Unidas como das súas axencias especializadas. Así adóptanse documentos favorábeis á igualdade da muller en diferentes ámbitos, caso da educación, o traballo...

A autora fai mención dun importante cambio no tratamento que se lle dá á problemática da muller. Este cambio prodúcese na década dos anos 60 e como consecuencia do proceso de descolonización. Mentres que ao principio tratouse a figura feminina dunha maneira paternalista, coma se fose un obxecto ao que había que procurarlle unha situación xurídica mellor, despois da descolonización e coa incorporación de novos países ao sistema internacional, ponse de manifesto que son as mulleres as que se atopan nunha situación máis desfavorable e de pobreza nos países en vías de desenvolvemento. Isto produce como consecuencia que se incorpore a muller coma un factor activo no proceso de desenvolvemento, debido a que o mesmo non sería posible sen maior igualdade entre homes e mulleres.

Esta realidade ponse de manifesto nas Estratexias de Arusha, que foron especialmente dirixidas á muller africana, outorgándolle un rol moi importante no desenvolvemento do continente. Estas estratexias pretenden que a muller teña acceso aos medios de produción, e que se consiga a igualdade de sexos tanto no ámbito laboral coma no educativo. Todo isto fai que a cuestión da igualdade da muller non responda xa tanto a un criterio occidental, senón que sexa un asunto máis global. O feito de incorporar a muller ao proceso de desenvolvemento implica tamén unha maior igualdade entre os dous sexos, e compartir labores e responsabilidades familiares, en definitiva, unha maior participación do home na vida doméstica. Ademais, educación e desenvolvemento van ligados dado que, en moitos países, a muller constitúe unha figura clave na produción agrícola e economía rural, algo que require unha educación axeitada e desenvolvida en pé de igualdade cos homes.

Outro tema importante a resaltar é que a pesar da universalidade dos dereitos humanos, para os Estados seguen prevalecendo os seus intereses nacionais fronte o respecto a valores universais como a igualdade de xénero. O feito de facer mención, por exemplo, ao sionismo como unha equiparación ao racismo, a situación das mulleres e nenos no apartheid, a Nova Orde Económica Internacional e a natureza da crise global provocou a discrepancia entre diferentes Estados, o que impediu en diversas ocasións que non se acadase un acordo minimamente consensuado. Así que, finalmente, os intereses nacionais acaban prevalecendo sobre os dereitos individuais e humanos.

Do mesmo xeito, os avances que se poden rexistrar a nivel internacional a prol da igualdade da muller dependen moito da actuación dos Estados a nivel nacional. A estes se lles esixe a elaboración de medidas lexislativas para lograr unha maior efectividade das normas, a parte da formación dunha conciencia colectiva que axude a crear uns valores de respecto e igualdade entre a poboación. Isto axudaría tamén a superar outro tema que require especial atención por parte dos gobernos: a violencia contra a muller.

Finalmente, sinalar que a perspectiva de xénero foi incorporada por case tódolos órganos e organismos das Nacións Unidas, tales como a OMS, PNUD, OIT, UNESCO, FAO e BM. Sen embargo o Consello Económico e Social da ONU mostraba recentemente a súa preocupación pola existencia dunha significativa fenda entre as declaracións políticas e a práctica. O que é necesario é máis vontade política das autoridades internacionais para facer efectiva toda a morea de textos acordados.

*Vera Ríos Carrillo.*